TURISMO DE GALICIA

Xacobeo 2027

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Setembro 2026

DESTINOS URBANOS DE GALICIA
Setembro 2026

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	**51.694**	**13.331**	**109.294**	**22.358**	**14.011**	**19.167**	**49.163**
Noites	**103.800**	**20.125**	**171.870**	**38.037**	**25.766**	**29.672**	**96.946**
Var. Viax. 26/25	-3,6%	92,1%	7,1%	23,0%	10,7%	-8,2%	-2,4%
Var. Noites 26/25	-4,4%	44,0%	3,6%	-1,7%	8,0%	10,6%	15,5%
Estadía Media	**2,01**	**1,51**	**1,57**	**1,70**	**1,84**	**1,55**	**1,97**
Var. EM 26/25	-0,8%	-25,0%	-3,3%	-20,1%	-2,4%	20,4%	18,3%
% Ocupación	**65,9%**	**61,5%**	**75,3%**	**60,0%**	**62,5%**	**76,6%**	**64,6%**
Var. Ocupac. 26/25	-2,44	17,60	2,22	-1,80	3,05	9,45	13,33
Prazas	**5.214**	**1.090**	**7.550**	**2.111**	**1.374**	**1.260**	**4.964**
Var. Prazas 26/25	-0,6%	2,8%	0,6%	1,2%	2,8%	-4,4%	-8,2%

- No mes de setembro deste ano 2026 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 279 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 486 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 40,3% do total da comunidade -catro de cada dez noites en Galicia-, porcentaxe superior á de xullo e agosto e similar á rexistrada en xuño. Fica, en cambio, levemente por debaixo da cifra de setembro do pasado ano –en 2025 o peso do turismo urbano situábase no 41,0% do total de Galicia-. No verán e, en xeral, nos meses centrais do ano o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- Agora en setembro sitúase a cidade de Compostela, por sexta vez consecutiva este ano, como o destino líder do turismo urbano en Galicia –substituíndo a A Coruña que liderou o ranking a nivel autonómico no primeiro trimestre, e a Vigo que o fixo puntualmente en decembro-. Con 172 mil noites a cidade compostelá absorbe o 35% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites- e o 14% do

conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a certa distancia, con 104 mil pernoctacións- e Vigo -que pasa a ocupar o terceiro posto con preto de 97 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 77% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe similar á de meses anteriores-.

- O 23% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo unha vez máis Ferrol o destino de menor volume e peso neste noveno mes –absorbe o 4,1% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con pequenas diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia increméntase un 5,3% en relación ao dato do mes de setembro do pasado ano -nun contexto de crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto novamente este ano, igual que en abril -o primeiro nos doce meses anteriores- e no verán -meses de xullo e agosto-, e en contraste coas caídas rexistradas en febreiro, marzo e maio, e a estabilidade observada en xaneiro e xuño. Neste período alternáronse, por tanto, meses de estabilidade da demanda con meses de crecemento e caídas. Coincide pois que no terceiro trimestre o comportamento do turismo urbano en Galicia é moi positivo.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable con maioría en positivo. Así, o volume de noites increméntase en cinco cidades, con maior intensidade en Ferrol -onde se supera en máis dun 40% a cifra de setembro do pasado ano- e de forma máis suave en Santiago -cun 3,6% neste caso-. Entremedias apréciase tamén unha dinámica positiva nos hoteis e pensións de Ourense -cunha suba do 8%-, Pontevedra -cun 11%- e Vigo -cun 16% neste caso-. No lado contrario o nivel de demanda descende nas dúas cidades restantes, un 2% en Lugo e un 4% en A Coruña.
- Apréciase, por tanto, un comportamento relativamente positivo, con crecementos importantes en cidades como Ferrol ou Vigo, coa única salvedade das caídas suaves rexistradas en A Coruña e Lugo.
- A cidade herculina mantén a dinámica variable dos últimos meses -caída en setembro, estabilidade en agosto, crecemento en xullo e caída en maio e xuño, en contra do observado nos dezaseis meses anteriores con crecementos consecutivos da demanda -dinámica homoxénea en todo 2025-, a taxas variables que superan o 20% interanual en febreiro, abril e decembro do pasado ano e en xaneiro deste ano, e só por debaixo do 10% en marzo e en abril.
- En paralelo a cidade de Santiago rexistra un comportamento positivo da demanda por vez primeira desde xullo do pasado ano, rompendo unha tendencia de caídas consecutivas neses doce meses -ata xuño deste ano-, previo á estabilidade observada no verán. Hai que remontarse a xuño de 2025 para observar un crecemento en termos interanuais do número de noites nos hoteis e pensións de Santiago.
- Neste mes alteran a dinámica dous destinos: a cidade de Vigo -que mantén a secuencia de alternar meses en positivo con meses en negativo neste 2026- e a cidade de Lugo -que rexistra unha caída da demanda por vez primeira desde maio-.

- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en boa parte dos destinos –cinco en particular-, con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía. En Pontevedra e Vigo ambas variables van en sentido contrario, xogando un papel importante neste caso a variación da estadía media -que leva en ambos casos a que un menor volume de viaxeiros aloxados xeren maior número de noites-.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia crece agora en setembro, igual que en abril, xullo e agosto e ao contrario do observado nos restantes meses -a tendencia de parte dos doce meses anteriores, de xullo do pasado ano a xullo deste ano, alternou meses de estabilidade con meses de caídas en termos interanuais con algunha suba puntual-. O número de noites no conxunto das sete cidades crece, circunstancia que en síntese presenta un comportamento parello ao observado no conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 7,0%-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, oe nivel de demanda ten un comportamento tamén positivo pois o número de noites supera neste caso nun 8,2% a cifra de setembro de 2025. A diferenza de intensidade na variación da demanda leva a que o peso do turismo urbano descenda levemente -arredor dun punto porcentual- situándose no 40,3% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en boa parte das cidades consideradas -cinco en particular, circunstancia propia dun mes de temporada media e que contrasta co observado habitualmente na temporada alta ou baixa cando o segmento nacional lidera o mercado en todas as cidades-, en porcentaxes que se sitúan levemente por encima do 50% en Vigo, no 64% en Ferrol, por encima do 70% en A Coruña e Lugo e por encima do 75% en Ourense. Marcan a excepción as cidades de Santiago e Pontevedra pois en ambos casos lidera o mercado hoteleiro o segmento internacional -supón o 68% das noites na cidade compostelá e o 57% en Pontevedra-.
- A temporada media presenta, por tanto, perfiles da demanda diferentes en función da cidade de referencia.
- Acontece isto novamente este ano, igual que de abril a xullo, e en contraposición ao observado na temporada baixa -no primeiro trimestre- e no verán -concretamente en agosto- cando o segmento de orixe nacional lidera o mercado hoteleiro nas sete cidades de Galicia.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en catro destinos, cun incremento máis destacado en Ferrol -do 34%- e en Pontevedra -próximo ao 30% en comparación co pasado ano- e algo máis suave en Ourense e Vigo -do 3% interanual en ambas-. Descende a demanda nacional, en cambio, nas tres restantes cidades, entre un 3% en A Coruña e un 5% en Santiago -destino que presenta o peor comportamento neste segmento-.
- O mercado internacional presenta unha dinámica positiva na maioría dos destinos, cinco en particular, con crecementos ademais moi notables en boa parte deles. Sobe así o número de noites dos estranxeiros en máis dun 60% en Ferrol e en máis dun 30% en Ourense e

Vigo. Engádense a esta dinámica positiva as cidades de Santiago e Lugo, con crecementos inferiores pero próximos ao 10% en ambos casos. O turismo internacional mantense estable en Pontevedra e descende unicamente en A Coruña -un 8% en relación ao pasado ano-.

- Desta maneira catro destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en Ferrol, Ourense e Vigo, e caída simultánea en A Coruña. Tres deles amosan, en cambio, unha dinámica diferente para ambos segmentos, sendo similar o comportamento observado en Santiago e Lugo -en ambas apréciase unha caída do turismo nacional e ao mesmo tempo un crecemento do internacional- e algo diferente en Pontevedra -con forte suba do nacional e estabilidade do internacional-.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado é algo diferente en relación ao pasado ano. Neste sentido mantense estable en conxunto o turismo de ámbito nacional -cunha variación pouco significativa, do 0,6%- mais increméntase o internacional -un 11% neste caso-. Apréciase diferente dinámica no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- pois neste caso rexístrase un comportamento positivo de ambos mercados -con crecementos do 7% para o nacional e do 12% para o internacional-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra similar á media da comunidade e tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -con 1,8 noites-. Este dato varía levemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña e Vigo -ambas con 2,0 noites de media-, e o máis baixo Ferrol -con 1,5 noites- e Santiago e Pontevedra -ambas con preto de 1,6 noites de media neste caso-. Estas dúas son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en dous destinos, con notable intensidade ademais -nun 20% en Pontevedra e nun 18% en Vigo-. Mantense estable en A Coruña, e descende, en cambio, nas catro restantes -arredor dun 3% en Santiago e Ourense e en máis dun 20% en Ferrol e Lugo-. O bo comportamento da estadía media en Pontevedra e Vigo permite a este destino xerar maior volume de noites en relación ao pasado ano nun contexto de caída da cifra de viaxeiros aloxados.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes só dous destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 3% en Ferrol e Ourense-. A Coruña, Santiago e Lugo mantéñense en cifras parellas mentres que descende a oferta dispoñible nos dous destinos restantes -un 4% en Pontevedra e un 8% en Vigo-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo diferente dos niveis de ocupación hoteleira. Así, aprécianse melloras en cinco destinos, con crecementos máis notables en Ferrol -onde a porcentaxe de ocupación supera en 18 puntos a cifra de 2025-, en Vigo -cunha suba de trece puntos- e en Pontevedra -de dez puntos neste caso-.


Nas restantes dúas cidades os incrementos roldan os tres puntos porcentuais en Ourense, e os dous puntos en Santiago. Como excepción á dinámica anterior obsérvanse descensos da ocupación en A Coruña e Lugo -en ambas por un mal comportamento da demanda-, de máis de dous puntos na cidade herculina e de preto de dous puntos en nesta última.

- Cun 76,6% de media Pontevedra rexistra neste noveno mes de 2026 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que aconteceu tamén na temporada media previa ao verán, substituíndo a A Coruña que rexistrou a porcentaxe máis alta xustamente no período estival e nos dous primeiros meses deste ano e a Ourense que o fixo en marzo-. Santiago rexistra tamén unha cifra notable agora en setembro, ocupando o 75,3% neste caso, por diante das restantes cidades que se sitúan ben no contorno do 65% -caso de A Coruña co 65,9% ou Vigo co 64,8%-, ou ben no contorno do 60% -caso de Ourense, Ferrol e Lugo-. Esta última rexistra en setembro a porcentaxe máis baixa de todas as cidades de Galicia cun 60,0% neste caso-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 68,3%, trece puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos supera en máis de catro puntos porcentuais a porcentaxe do pasado ano para situarse como a máis alta de cando menos os últimos dez anos. O crecemento da demanda -número de noites- acontece nun contexto de leve caída da oferta dispoñible -número de prazas ofertadas-, circunstancia que mellora o nivel de ocupación.
- As tarifas hoteleiras acadan os 110,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por vez primeira desde o verán, igual que o fixo de abril a xuño, rexistra o nivel máis elevado, substituíndo a A Coruña -que presentou as tarifas máis altas no período estival e a Vigo que liderou este ranking no primeiro trimestre-. A Coruña e Vigo sitúanse a continuación con cifras próximas, en concreto con 101,0 euros a primeira e 93,8 euros esta última, ficando as restantes dúas cidades con cifras inferiores -do contorno dos 75 euros en Ourense, e de 67 euros en Lugo. O INE non ofrece datos para as cidades de Ferrol e Pontevedra.
- Os prezos medios incrementáronse en todas as cidades agás en Santiago -destino onde se manteñen estables, sen cambios significativos respecto do pasado ano-. As tarifas soben con maior intensidade en A Coruña -un 17% de media- e Vigo -cun crecemento medio do 16%-, e de forma máis suave nas dúas restantes: un 12% en Ourense e arredor dun 6% en Lugo.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse variacións tamén positivas nos destinos urbanos. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en todas as cidades, con maior intensidade en Vigo -froito da variación positiva dos prezos e da ocupación, superando nun 31% o nivel de rendibilidade do pasado ano-, en Ourense -cun incremento neste caso do 21%-, e en Lugo -cun crecemento medio do contorno do 15%-. O RevPAR hoteleiro sobe tamén, pero con menor intensidade, en Lugo -arredor dun 3%- e en Santiago -un 1% neste caso, variación pouco significativa que fala máis ben de certa estabilidade global-.
- Con 92,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible a cidade de Santiago rexistra neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado dos destinos urbanos de Galicia. A Coruña e Vigo presentan tamén cifras importantes, con 80 euros de media a primeira e 70


euros a segunda. Nun segundo nivel, e con valores distantes dos anteriores, sitúanse as cidades de Ourense -cunha rendibilidade media de 54,8 euros- e Lugo -con 50,9 euros neste caso-.

- A cidade lucense rexistra agora neste noveno mes de 2026 o nivel de rendibilidade hoteleira máis baixo dos destinos urbanos considerados, igual que de marzo a agosto, e substituíndo a Santiago que o fixo nos dous primeiros meses do ano.
- En termos de emprego, e en contra do que acontece coas variables de demanda e ocupación, rexistrase neste mes un descenso do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 3,2% interanual-, deixando o volume final en preto de tres mil neste mes de setembro -cifra moi parella á rexistrada en 2024-.
- Esta dinámica vén como consecuencia de contrapoñer comportamentos dispares nas diferentes cidades de Galicia. Así sobe o nivel de emprego en tres delas, con maior intensidade en Pontevedra -nun 30%- e de forma máis suave en Ferrol -nun 7%- e Lugo -nun 3% neste caso-. Descende o emprego, en cambio, nas catro restantes -entre un 4-5% en Ourense e Vigo ao 10% en A Coruña-.


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, setembro 2026




Variación da demanda turística nas cidades. Noites setembro 2026/25




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Setembro 2026




Nivel de ocupación e variación interanual. Setembro 2026




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, setembro 2026



Var. demanda turística, por procedencia. Noites, setembro 2026/25



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Setembro 2026



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Setembro 2026

